



A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 5 de febreiro de 2018 na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2017.
- * Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario (artigo 39.n dos Estatutos da Universidade de Vigo).
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2018/19.
- * Aprobación do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/2020.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2018/2019 e dos criterios de puntuación.
- * Aprobación do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias para o curso 2018/19.
- * Aprobación da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2018.
- * Aprobación do I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo.
- * Desestimación do recurso de reposición presentado por Jaime Aneiros Pereira verbo do acordo do Consello de Goberno polo que se aproban os criterios para a elaboración da oferta pública de persoal docente e investigador para o ano 2017 e inadmisión do recurso de alzada fronte aos acordos de trámite cualificado no desenvolvemento dos citados criterios.
- * Desestimación do recurso de reposición presentado por Luis Muleiro Parada contra o acordo do Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017 aprobando os criterios para a elaboración da oferta de emprego público do PDI para o ano 2017.
- * Desestimación do recurso de alzada presentado por M^a Victoria Verdugo Matés contra os acordos do Consello de Departamento de Economía Aplicada do 11/09/17 sobre elaboración de POD, asignación de docencia do POD para o curso 2017/18.
- * Inadmisión do recurso de reposición presentado por Miguel Cuevas Alonso sobre o acordado no Consello de Goberno de 22/11/17 respecto do recurso de alzada contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do 05/07/17.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidad de Sevilla e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidad de León e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas e/ou traballos de fin de grao, máster ou doutoramento por parte de estudantes da Universidad de León – Convenio de cooperación educativa entre a Universidad Nacional de Educación a Distancia e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto de investigación do traballo de fin de máster do Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Química.

Vigo, 5 de febreiro de 2018
A Secretaria Xeral

Gloria M. Pena Uris



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.